

BAREMO DE PUNTUACIÓN PARA A PRESELECCIÓN DUN TÉCNICO EN ORIENTACIÓN LABORAL.

I. TITULACIÓN ACADÉMICA: MÁXIMO 2,5 PUNTOS:

Titulacións preferentes (técnicos/as de orientación): - Psicología - Pedagogía - Psicopedagogía - Sociología/ Ciencias políticas e Sociología (Secc. Sociología) Ciencias do Traballo - Educación Social - Traballo Social - Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais/ Graduada/o Social	2,5 puntos
---	------------

Outra titulación de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o, enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao (para o caso de ter varias titulacións só se contará unha)	1,5 puntos
--	------------

II. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: MÁXIMO 2 PUNTOS:

Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado	0,1 puntos por cada 30 horas formativas
---	---

III. EXPERIENCIA PROFESIONAL: MÁXIMO 5 PUNTOS:

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,4 puntos por cada mes
--	-------------------------

Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe)	0,1 puntos por cada mes
---	-------------------------

III. OUTROS MÉRITOS: MÁXIMO 0,5 PUNTOS:

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Coñecementos de informática debidamente acreditados	0,25 puntos

Os candidatos que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente, obterán unha puntuación adicional de 5 puntos.

En caso de empate na puntuación obtida, resolverase a favor do candidato que acredite unha maior experiencia laboral realizando tarefas relacionadas co posto ofertado.

FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS:

- Titulación académica: Copia do título ou certificación académica de que reúne os requisitos esixidos para obter o citado título.
- Formación complementaria: Certificados ou diplomas dos masters ou cursos alegados polo candidato, no que conste o número de horas, o título do curso e o programa. No caso de que no diploma non figure o programa e/ou o número de horas, o candidato deberá aportar o programa do curso expedido pola entidade que organizou e impartiu o curso, ou no seu defecto, a convocatoria, que debe corresponderse co título que conste no diploma no que figure o programa e/ou número de horas.
- Experiencia profesional: deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do

contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais na que deberá constar o tempo de realización.

- Outros méritos: Diploma ou certificado de posuir o CELGA 4 ou equivalente e diplomas ou certificados dos cursos de informática realizados nos que conste número de horas, o título do curso e o programa.